

ANUNCIO

Pola presente faise público, de conformidade coa base 7ª das bases xerais que rexen o citado proceso selectivo, que esta Alcaldía ditou a resolución núm 1490/2023, de data 2 de novembro de 2023 que a continuación se transcribe literalmente:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión de 7 prazas polo sistema de concurso de limpador/a (proceso de estabilización de emprego temporal).

Departamento Recursos Humanos

EXPEDIENTE: 2022/E001/000025

Visto o expediente que se tramita para os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Santa Comba incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, relativas a:

-7 prazas de limpador/a (sistema de concurso),

cuxas bases foron aprobadas por resolución de alcaldía núm 1770/2022 do 27 de decembro de 2022.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm 247 de 30 de decembro de 2022; no TEU e a título informativo e complementario na páxina web municipal.

No BOP número 38 de 24 de febreiro de 2023 publicouse unha corrección de erros sobre as bases xerais e específicas.

O anuncio do extracto da convocatoria foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 82, de 28 de abril de 2023.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade coa base sétima das bases xerais que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE,

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 7 prazas de limpador/a (sistema de concurso), do seguinte xeito:

RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego
Gómes de Abreu, M. ^a da Graça	***8903**	Non
Lois Suárez, Celia	***4633**	Non
Méndez Soneira, Consuelo	***3478**	Si
Mira García, Rosa	***8145**	No
Muñiz Turnes, Sandra	***2440**	Si
Rey Cancela, M. ^a Carmen	***2443**	Si
Rial Pazos, Isabel	***7029**	Si
Teijeiro Rial, Claudina	***1889**	Non
Traba Bouzada, Mónica	***4777**	Non
Villar Grille, Beti	***1870**	Si

RELACIÓN PROVISIONAL DE EXCLUÍDOS/AS

Ningún/ha

Segundo.- A listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónico e a título informativo e complementario na páxina web municipal.

Terceiro.- De conformidade co disposto na base 7ª das que rexen este proceso selectivo, dispónse dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar,

de ser o caso, se algún persoal aspirante presentara a instancia e non conste nin como persoal admitido nin como persoal excluído.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación Municipal na vindeira sesión que se celebre.

Santa Comba, 2 de novembro de 2023

O alcalde,

Dou fe, O secretario acctal
Resolución DXAL de 25/03/2021
decreto de alcaldía núm 1477 do 30/10/2023

Alberto Romar Landeira

Evaristo Lois Rama